

**ACTA DE VALORACIÓN DE MÉRITOS DO TRIBUNAL DE 1 PRAZA DE PROFESOR DE VIOLONCHELO DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO EN EXECUCIÓN DA OEP PARA A ESTABILIZACION DE EMPREGO TEMPORAL APROBADA POLA XGL EN DATA 26/05/2022**

En Melide, a 20 de decembro 2023 sendo as 11:00 horas reúnense baixo a presidencia de María de la Paz Pita Vázquez os seguintes integrantes do Tribunal de 1 praza de profesor de VIOLONCHELO da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso, que se constitúe para valorar os méritos dos aspirantes admitidos.

Presidenta: María de la Paz Pita Vázquez  
Secretario: Jesús Manuel Cea Vázquez  
Vogais: Nilo Jesús García Armas  
M<sup>a</sup> Teresa Buján Mosquera  
Joaquín Vázquez Rodríguez

A presidenta declara constituído o Tribunal e aberto o acto acórdase proceder á valoración dos méritos achegados polos/as aspirantes admitidos.

**PROBA DE COÑECEMENTO DO GALEGO**

Sendo que a aspirante Clara Martínez Virseda non achega copia que xustifica a posesión do certificado Celga 4 realízase a proba de coñecemento do galego, obtendo a cualificación de **APTA**.

**VALORACIÓN DOS MÉRITOS**

O Tribunal á vista das bases da convocatoria publicadas no BOP núm. 246 de data 29/12/2022 formula a seguinte puntuación dos candidatos/as por orde decrecente da puntuación obtida:

NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL	MÉRITOS ACADÉMICOS	TOTAL
ALBA REIRÍS CONZÁLEZ	2,94	9,60	<b>12,54</b>
CLARA MARTÍNEZ VIRSEDA	1,88	9,40	<b>11,28</b>
FERNANDO GARCÍA SANTIAGO	2,10	9	<b>11,10</b>

\* Documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia: Deberán achegarse o/s **certificado/s** do organismo ou ente competente dos **servizos prestados** a respecto da experiencia alegada e os títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais (BASE 4<sup>a</sup> das bases xerais da convocatoria)

**Proponse** para a provisión de 1 PRAZA DE PROFESOR DE VIOLONCHELO da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público a **ALBA REIRÍS CONZÁLEZ** con DNI \*\*\*0542\*\*

Quedando na bolsa de emprego segundo a orde de puntuación:

- 1<sup>a</sup> Clara Martínez Virseda con DNI \*\*\*5986\*\*
- 2<sup>o</sup> Fernando García Santiago con DNI \*\*\*1128\*\*

A aspirante proposta acreditará ante a Administración, dentro do **prazo de 20 días hábiles** desde que se publique a relación de candidatos/as á que se refire a base 9.1 no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: [sede.concellodemelide.gal](http://sede.concellodemelide.gal) e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, orixinais dos documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, dispoñendo a presidenta que se redacte a presente acta que asinan os membros do Tribunal sendo as 11:25 h do que eu, **SECRETARIO**, certifico.

Melide, 20 de decembro de 2023

**O TRIBUNAL**